

ACORDO DE INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

Órgano que propón a contratación:
Presidencia do CIXUG

Expediente	CX-23-03
Cualificación do contrato	Subministracións
Procedemento de adxudicación	Aberto
Contrato suxeito a regulación harmonizada	Non
Financiado con Fondos Europeos	Non

ANTECEDENTES

O 23 de xuño de 2023, o presidente do Consorcio para o desenvolvemento de aplicación de xestión universitaria de Galicia (en adiante CIXUG) emitiu un informe da necesidade e idoneidade do contrato e insuficiencia de medios co obxecto de xustificar a necesidade e a idoneidade da contratación de referencia, así como a insuficiencia de medios, todo iso de conformidade cos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

As características principais da contratación que se propón son:

1. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a subministración de 10.000 licenzas de despregue e servizo de uso do software Antiplaxio para a detección de coincidencias nos traballos, documentos e prácticas que se presenten, nas Universidades que forman parte do CIXUG (Universidade da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo), en diante as Universidades do SUG, no período 2023 ao 2026.

2. DIVISIÓN POR LOTES:

Non

3. INSUFICIENCIA DE MEDIOS

Nin o CIXUG nin as Universidades do SUG contan con persoal, coñecementos e

dispoñibilidade de contido, que permita realizar as funcións asociadas á identificación de similitudes e verificación de orixinalidade requiridas.

Ao ser o obxectivo principal a detección de similitudes e, en consecuencia, da existencia de plaxio, o valor achegado polos provedores, clave para o éxito desta actividade, é contar cunha base de datos de documentos contra os cales facer a confrontación o máis grande posible e da maior calidade coa que se poida contar: libros, revistas, *papers*, webs de investigación, outras fontes bibliográficas e académicas entre outras.

4. RÉXIME ECONÓMICO

Importe de licitación	Tipo IVE aplicable: 21%	Orzamento base de licitación
IVE excluído	Importe IVE	IVE incluído
123.467,66 €	25.928,21 €	149.395,87 €

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO	
Importe de licitación (IVE excluído)	123.467,66 €
Incremento de unidades de execución	Non aplica
Importe das modificacións previstas (IVE excluído).	Non aplica
Importe dos premios ou primas pagadoiros aos licitadores (IVE excluído)	Non aplica
Importe das opcións eventuais (IVE excluído)	Non aplica
Prórroga (IVE excluído)	Non aplica
Total Valor Estimado	123.467,66 €

Condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos do CIXUG para os anos 2023, 2024 e 2025.

5. DURACIÓN DO CONTRATO

- Tres anos, a contar desde a data de formalización do contrato.

Distribución de Anualidades	
Anualidade 2023	39.165,00 €
Anualidade 2024	41.123,25 €
Anualidade 2025	43.179,41 €
Total Valor Estimado	123.467,66 €

6. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

Tramitación ordinaria.

A adxudicación deste procedemento realizarase mediante procedemento aberto de conformidade co previsto nos artigos 131, 156 e 158 da LCSP. Todo iso co obxecto de garantir a publicidade, concorrencia, igualdade e transparencia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Resulta de aplicación a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, así como as disposicións que a desenvolven. Son de aplicación con carácter supletorio as demais normas de dereito administrativo e, no seu caso, as normas de dereito privado.

O órgano de contratación é o presidente do CIXUG.

De conformidade co disposto,

ACORDO:

1. Iniciar o expediente para a contratación do subministro das licenzas e despregue do servizo de uso, non suxeito a regulación harmonizada, do software Antiplaxio para a detección de coincidencias nos traballos, documentos e prácticas que se presenten nas Universidades que forman parte do CIXUG.
2. Solicitar aos servizos xurídicos e técnicos do CIXUG que procedan á redacción dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, así como que soliciten cuantos documentos sexan necesarios para a preparación do contrato.
3. Ordenar a publicación deste acordo e do informe da necesidade de contratación no

perfil do contratante.

Santiago de Compostela, á data da firma electrónica.

D. Julio Abalde Alonso
Presidente